

Pregón do Milenario de San Rosendo¹

Celso Emilio Ferreiro


O domingo, no mosteiro de San Rosendo, na vila fundada polo santo nado nas terras ourensás do Val de Salas, sendo as trece horas, o poeta celanovense, Celso Emilio Ferreiro, adicou o numeroso público alí presente o seguinte Pregón do Milenario do nacemento do Santo fundador da Celanova.

“E para min unha grande e inmerecida honra, ser o portavoz inaugural diste histórico día no que conmemoramos nada menos que un milenio do pasamento de quen foi, entre outros moitos merecementos, fundador diste mosteiro que lle deu lustre e prez, amais de sona imperecedeira, a nosa vila: Rosendo, levado os altares polas outas virtudes que o atinguíron e polos saberes que o adornaban.

Quixera que as miñas palabras tiveran hoxe, nesta data gloriosa, o ritmo silábico dos poemas heroicos da antigüidade, ou a cadencia musical dunha antífona. Pro teredes que conformarvos coa prosa raseira dun poeta metido a xornalista, que si algún mérito ten para facer iste pregón, é samente o do seu grande amor a súa vila natal e a iste mosteiro, onde pasou algunhos anos inesquecibles da súa infancia e mocidade, baixo o ensino dos padres Escolapios que nos abriron, ós da miña xeneración, as portas da cultura, pra que cadaquen zugara nela o que mais conviñera a súa vocación intelectual.

Mil anos son moitos anos de dores e ledicias, de trunfos e desfeitas, de angurias e ilusiós no andar dos homes, que somos a medida de todas as cousas, porque estamos feitos a imaxe e semellanza de quen nos criou.

Por esta terra, tan abondosa de paisaxes verdegantes, tan azul de fermosas lonxanías, “onde é mais tépedo o vento que á terra galega azouta” –que dixo o noso máximo poeta- pasaron ós séculos como un río caudal, sempre o mesmo e cada día distinto, como quería Heráclito, movendo os escuros muiños da vida i as profundas aceas da historia. Eiquí nesta bisbarra, estivo erguido o dolmen da paganía e as pedras fundadoras dos castros. O vento de Celanova, aínda mais vello que a vila mesma, coñeceu os segredos dos castelos e dos camiños, e sabe do voo pausado das pombas limiares. Ringleiras infindas de homes cruzaron istes campos. Pasaron con arados, con espadas, con laudes e zanfonas, con rezos e canciós. Con esperanzas.



Pro, ¿qué era Celanova cando Rosendo recibiu a inspiración de fundar perto do río Sorica un centro monecal, que o longo de mais de oito séculos irradiaría cultura i espírito por os currunchos de Galiza e Portugal?

Mais por intuición que por sabencia, nunca quixen ademitir que o eufónico nome de Celanova, belido como unha metáfora poética, viñera da voz *cella* ou *celda*, entendida como mansión ou habitáculo referido o novo mosteiro. Semellábame un étimo simplista, inventado tardiamente por alguen que non dispuso de información histórica o respecto.

Tampouco lle din nunca creto a interpretación ofrecida por Viceto e por outros escritores do Romanticismo, o identificar a Celanova coa perdida Cinania da que falan os textos antigos ou coa Calcedonia onde, según as versións haxiográficas, sofreu martirio Santa Eufemia.

A incredulidade dos que así pensábamos, viuse de sópeto gratificada, cando, no ano 1970, o ilustre arqueólogo Ferro Couselo, de grata memoria, atopou no “oppidium” de Castromao, perto da vila, unha téssera na que constaba que no ano 132 da nosa Era, os *coelerni*, que vivían alí e que alí tiñan a súa capital, *Coelia* fixeran un pacto de hospitalidade cunha cohorte dos celtúberos, “cos seus fillos e descendentes”.

Según os entendidos nestas materias o nome de Celanova entronca perfectamente co de *Coelia*, e resulta ser, en resume, a versión de *Coelianova*, e por ende os *coelerni* virían a representar os remotos devanceiros dos actuais celanovenses.

Non é preciso que vos diga –permitídemme iste inciso- cómo me sinto de agasallado e orguloso ó considerar que estes lonxanos aboengos nosos foron capaces de asumir unha actitude que hoxe, cáseque dous mil anos dempois, semella pouco menos que irrealizable pra moitos españoles; esto é, facer as paces i establecer un pacto de hospitalidade e de convivencia entre todos os compatrianos.

Cando San Rosendo vai a començar a súa esgrevia obra, corren xa polo Occidente cristián os mitos terroríficos de que o mundo findaría o cumprirse o milenio da chegada de Xesús. Pro o fundador non dá creto os falsos vaticinios dos profetas apocalípticos, e ponse a realizar a súa tarefa co tesón dun visionario que se sabe sinalado polo dedo da Providencia. A fabricación do cenobio comenzou no 936, e quedou rematado no 942, data da súa consagración, a cuia cerimonia, según López Ferreiro, asistiu todo canto de noble, de grande e de visible había na Galicia daquilo tempo. O esplendor do mosteiro foise acrecentando cos anos. No seu *scriptorium* copiáronse os mais valiosos libros litúrxicos e as obras doutrinales mais rigurosas. Alí, estudábanse tamén as profesións liberais, arquitectura, orfebrería, viñicultura, meiciña, albeitería e artes de pesca. Da súa Universidade teolóxica sairon sabios e santos varós como Pedro e Manilán, prelados; Paio Rodríguez, bispo de Compostela; Estebo e Ordoño, escritores.

Mais de oitenta abadías, mosteiros e prioratos estaban baixo a xurisdicción do Abade de Celanova, quen, ademais, exercía señoría sobre numerosas vilas e luga-

res amén de sere Capellán Real, Arcediano da Catedral de Ourense, conde de Bande, e marqués de Sande. A diñidade de Pertigueiro Maor de Celanova era un dos cárregos mais destacados da Galicia medieval, e foi desempeñado polo Infante don Fadrique, polos condes de Monterrey e polos señores de Manzaneda e Novoa entre outros craros varós da nosa terra.

Ser enterrado na igrexa de Celanova era un privilexio impagable. A iste respecto dí o cronista Mena que a estirpe dos Cervantes, “que eran galegos de nación y venían de las rodillas de los reyes godos y estaban emparentados con los reyes de León, tenían a mucha honra el ser enterrados en Sahagún o en Celanova”.

O mais outo cumio desta grandeza acadouna o mosteiro no século XVI, cando Agustín de Rojas, escribe: “Entre todas la Abadías que he dicho, tiene un no sé qué de mayor grandeza la de San Salvador de Celanova, que entrando en ella se siente más que se puede explicar porque parece que se ensancha el corazón y levanta el espíritu para alabar al Criador, (que como yo anduve por esta tierra, puedo bien decir mucho grande della)”.

Esta grandeza coincide coa entrada no mosteiro da Congregación de San Benito (1506) entre cuios monxes frolecen novamente homes sabios e ilustres nas letras e nas artes, como Rosendo de Moxica e Fernando de Montenegro, de nobles familias galegas; Benito Uría, bispo de Cidade Rodrigo; Mauro de Somoza e Pedro Blanco, escritores.

Castellá e Ferrer (outro celanovés ilustre) que escribeu a vida do Santo, dí, tomándoo da tradición, que Rosendo era de “fermoso rostro e de mediana estatura; aprendeu doadamente as letras e as artes liberales, e sendo aínda un adolescente xa amosaba a gravidade i a madurez de opinión dun vello”. Estas virtudes e méritos de precoz intelixencia, esprican de xeito cumprido o feito de que fose elegido bispo polos fieles e cregos, cando apenas acadara a idade de vinte anos.

Pro Rosendo, con ser moito, foi mais que monxe, fundador e bispo. Foi tamén un home de goberno, de craro siso e de talante indomeable. De él pódese decir o que decía o epitafio de Xan Feixóo, un parente seu, bon fidalgo e verdadeiro, enterrado na igrexa de Celanova: “pequeño de corpo, grande de esforzo, bó de rogar, mao de forzar”.

O devandito López Ferreiro afirma, e con razón sobrada, que a vida de San Rosendo debiera ser coñecida por todos os galegos, non sólo polas súas virtudes espirituales, sinon tamén pola súa condición human de condutor dun povo, o galego, que no ano 968, soupoo liberar da gadoupa depredadora dos normandos, pón-dolle fin a aquil desastre de saqueo e mortandade no que estaba sumida Galicia.

Rosendo, Abade de Celanova, Gobernador de Galicia, Bispo de Mondoñedo e Compostela, Libertador e Santo, home de prodixios e milagres, amigo e compañei-

ro daquil grande poeta que se chamou Pedro de Mezonzo: axúdanos; danos azos para navegar proa o norde polo proceloso mar do noso tempo.

Estamos a conmemorar ó son de campanas tanxidas e de corazóns xubilosos o milenio da túa morte. Ten man de nos.

Esto che pide quen carece de todo mérito para elo: un humilde xogar celanovés, un *coelerni* do ano 1977, que en nada pode compararse contigo, salvo, acaso, no amor que ambos lle temos a esta vila, a que ti lle diche sona imperecedeira, facendo grorioso o noso xentilicio.

Amor que eu resumín así, cando, seguindo os destinos dos galegos emigrantes, me achaba en terras alleas, comendo o amargo pan do desarraigo:

*Lonxana Celanova vinculeira,
Torre ebúrnea da miña mocidade,
Cando te lembro sai da sua toqueira,
Como un furón de soños, e saudade.*

*Unha chuvia monótona e tristeira
Cae decote na miña intimidade,
E sinto que unha sombra silandeira,
Como un solpor o meu esprito invade.*

*Quero voltar a ti, nai garimosa,
Colo natal, arxila rumorosa,
Pra acalar esta anguria que me berra*

*Dende o fondo da noite estrelecida,
Pedindo amor, pregando fe de vida
Pra ser eternamente alma da terra.*

Celanova, 27 febrero 1977

NOTAS

¹ Foi publicado no xornal La Región o 1 de Marzo de 1977. Ofrecémolo eiquí sen corrección algunha, tal e como apareceu no seu día.